

MATERIA
Explotación de Portos

TITULACIÓN
Grao en Enxeñaría Civil

unidade
didáctica
8

Terminais de contedores

David Cota Mascuñana
Alberte Castro Ponte

Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes
Escola Politécnica Superior

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ensinanzas Técnicas

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-9887-513-3

MATERIA: Explotación de Portos

TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Civil

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

MÓDULO I: Explotación e xestión de Portos

Unidade 1. Portos

- Introdución
- Concepto e funcións
- Zonas de influencia
- Clasificación dos portos
- A propiedade dos portos
- Administración dos portos
- Sistema portuario español
- Sistema portuario galego
- Lexislación

Unidade 2. Tráfico marítimo

- Introdución
- Mercadorías
- Buques
- Comercio mundial e evolución do tráfico en portos
- Tráficos e rutas marítimas

Unidade 3. O contrato de transporte

- Introdución
- Clases de contratos
- Contratos por póliza de fretamento
- Contrato por coñecemento de embarque
- Contratos de compravenda – Incoterms
- Axentes implicados

Unidade 4. Dominio público portuario

- Introdución
- O dominio público portuario estatal
- Réxime de utilización
- Réxime económico
- Contrato de concesión de obras públicas portuarias

Unidade 5. Servizos portuarios

- Introdución
- Concepto e clases
- Servizos Portuarios Xerais
- Servizos Portuarios Básicos
- Servizos Comerciais e outras actividades
- Servizos de sinalización marítima

Unidade 6. Planificación de portos

- Introdución
- Principios xerais de planificación
- Instrumentos de planificación
- Competitividade e capacidade de portos

MÓDULO II: Terminais portuarias

Unidade 7. Terminais de mercadoría xeral

Unidade 8. Terminais de contedores

Introdución

O comercio mundial de mercadorías contedorizadas

A tipoloxía da mercadoría: o contedor

O buque portacontedores

Os equipos de manipulación

Metodoloxías de cálculo de capacidade

Novas tecnoloxías para mellorar a eficiencia das terminais

Unidade 9. Terminais de graneles sólidos

Unidade 10. Terminais de graneles líquidos

Unidade 11. Terminais Roll-on Roll-off

Unidade 12. Terminais de pasaxeiros

Unidade 13. Terminais pesqueiras

ÍNDICE

Presentación

Obxectivos

Os principios metodolóxicos

Actividades propostas

Os contidos básicos

1. Introducción
2. O comercio mundial de mercadorías contedorizadas
3. A tipoloxía da mercadoría: o contedor
 - 3.1. O contedor
 - 3.2. Identificación dos contedores
4. O buque portacontedores
5. Os equipos de manipulación
 - 5.1. Equipamento auxiliar de manipulación
 - 5.2. Guindastres de peirao
 - 5.3. Guindastres de patio
 - 5.4. Zonas complementarias
6. Metodoloxías de cálculo da capacidade dunha terminal
 - 6.1. Discretización en subsistemas dunha terminal
 - 6.2. Métodos de cálculo da capacidade
7. Novas tecnoloxías para mellorar a eficiencia das terminais
 - 7.1. Sistemas para mellorar a produtividade
 - 7.2. Sistemas para a automatización das terminais
 - 7.3. Novos deseños funcionais de infraestrutura

Avaliación da unidade didáctica

Índice de figuras

Índice de táboas

Bibliografía

PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica forma parte da programación da materia optativa “Explotación de Portos”, do cuarto curso do Grao en Enxeñaría Civil.

A programación docente da materia divídese en dous grandes módulos. O primeiro módulo, *Explotación de Portos* (6 unidades didácticas) dedícase a presentar os aspectos fundamentais relacionados coa xestión e explotación dos portos.

Na primeira unidade do módulo (UD1) preséntanse os conceptos básicos relacionados cos portos: funcións, zonas de influencia, clasificación, sistema portuario español, etc.

A continuación, na segunda unidade (UD2), repásanse e ampliáanse conceptos relacionados co transporte marítimo vistos en materias anteriores, dedicándolle especial atención á análise da situación actual e as previsións de futuro do comercio e o tráfico marítimo mundial.

Na terceira unidade (UD3) preséntanse brevemente os diferentes tipos de contratos de transporte marítimo e os diferentes axentes implicados no proceso.

Na cuarta unidade didáctica (UD4) defínese o dominio público portuario estatal e preséntase o modelo de xestión do mesmo contemplado na lexislación vixente.

A quinta unidade didáctica (UD5) dedícase aos servizos portuarios. Explícase o concepto de servizo portuario e as diferentes clases de servizos existentes.

O módulo péchase cunha unidade (UD6) onde se presentan os conceptos básicos relacionados coa planificación dos portos e se analizan as diferentes ferramentas de planificación que se empregan na actualidade.

No segundo módulo da materia estúdanse de xeito individual as diferentes tipoloxías de terminal portuaria que poden operar nun porto comercial. En concreto, nesta unidade (UD8) se estudan as terminais de mercadoría xeral unificada, isto é, as terminais de contedores.

Esta unidade didáctica impártese en 2 h de clase expositiva.

Ademais de aos alumnos de 4º curso do Grao en Enxeñaría Civil, os contidos presentados poden serlle de utilidade a outros docentes ou profesionais do sector que desenvolvan a súa actividade no ámbito do deseño, construción ou conservación destas tipoloxías de infraestrutura do transporte.

OS OBXECTIVOS

- Coñecer o marco mundial no que se desenvolve o comercio de contedores.
- Coñecer os diferentes tipos de contedores que existen, co obxecto de adaptarse da forma máis adecuada ao transporte dos diferentes tipos de mercadoría xeral.
- Coñecer as características principais dos diferentes buques destinados ao transporte de contedores.
- Coñecer o equipamento e os elementos básicos que compoñen unha terminal de contedores.
- Coñecer os conceptos teóricos fundamentais e os parámetros básicos de deseño dos diferentes elementos que constitúen unha terminal de contedores.
- Coñecer os principais avances tecnolóxicos para a mellora da produtividade das terminais de contedores

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Os principios teóricos e os contidos fundamentais expóranse nas clases expositivas. Para iso, o profesor empregará os medios audiovisuais da aula para a realización de presentacións.
- O alumno elaborará ao finalizar cada sesión presencial un resumo dos contidos traballados, no que se recollan as súas reflexións sobre a temática abordada.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Como ampliación e aplicación dos contidos teóricos traballados nas sesións expositivas, propónse a realización das seguintes actividades:

- estudar e analizar o caso concreto dunha terminal de contedores nun porto de interese estatal no ámbito nacional ou internacional
- propor un predimensionamento dunha terminal de contedores, tomando en consideración datos ficticios ou reais dun suposto.
- propor mellorías na produtividade sobre unha terminal de contedores en operación, e calcular o impacto de forma cuantitativa.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción

Adaptación do artigo: "El día que cambió la historia del transporte"
Roberto Destéfano (Diario A Nación 30/05/06)

En 1937, un mozo transportista de 21 anos natural de Carolina do Norte, sentado ao volante do seu camión nun peirao de Hoboken, en Nova Xersei (Estados Unidos), esperaba a quenda para descargar o seu camión mentres observaba como os estibadores traspasaban con moito traballo os fardos de algodón dos camiós aos estobos do buque, que á súa vez os subirían a bordo, para que despois, outros os colocasen, co ritmo que un humano pode facelo, na bodega da nave. "Que perda de tempo e diñeiro -pensou-, E se o meu tráiler puidese subirse con todo o seu contido a bordo dunha soa vez?".

Ese camioneiro, chamado Malcom McLean, puido levar a cabo o seu "soño" 19 anos despois. Xa convertido nun próspero empresario de transporte por estrada, e ante a negativa dunha liña ferroviaria á súa proposta de subir os seus tráilers aos vagóns, decidiu aventurarse nun terreo descoñecido. Comprou un par de vellos buques tanque T4 e fixo construír caixas metálicas coas dimensións dos seus tráilers sen o sistema de rodamiento, porque sabía que agregarían peso e ocuparían espazo vital a bordo. Fíxolle agregar nas oito esquinas do equipo dispositivos para a súa manipulación (esquineiros). Os seus dous primeiros buques, *Ideal X* e *Alameda*, tiñan unha capacidade de 58 desas caixas que pasarían a chamarse contedores máis tarde de forma universal. Malia a súa xenialidade, McLean non imaxinaba a dimensión e o alcance do que acababa de crear. Cambiara para sempre non só a forma de transportar a carga, senón a ecuación económica que o rexía, quizais equiparable á invención da roda, o movemento a vapor, o motor de combustión interna e o chip de computación.

En abril de 1956 levouse a cabo a primeira travesía marítima na que se empregaron contedores para transportar carga. Transportáronse de Nova York a Houston 58 contedores. Case cincuenta anos despois, en 2005 transportáronse por vía marítima 400 millóns de TEUs (unidade equivalente a un contedor de 20 pés) mediante unha flota de 5400 buques. Nos últimos trinta (con algunha excepción) as principais rutas contedorizadas creceron a un ritmo do 9% anual, prognosticándose porcentaxes de crecemento superiores para os próximos anos.

McLean, continuou desenvolvendo e modernizando o seu negocio creando navieiras como *Sealand* e *Trailerbridge*. Decía que "o fretamento é un custo que se agrega ao produto" e polo tanto "hai que reduci-lo todo o que se poida". As súas accións déronlle a razón. Os 6 dólares por tonelada de custo co formato precontedor convertéronse en 0,16 dólares. Os buques pasaron de atracar semanas nos portos a quedarse apenas horas; de transportar 10.000 toneladas a 16 nós, a 40.000 toneladas a 24 nós. De rendementos de 0,63 t/hora/home a 4,23 t/hora/home. Deste xeito, o que empezou como unha caixa transportadora de mercadorías foi evolucionando en función da demanda e xerando un amplo espectro de contedores especiais.

A funcionalidade que representa ingresar a carga nun espazo modular (o contedor) e saber que será recibida polo destinatario tal e como foi ingresada, sen ningunha outra manipulación que o propio transporte, constitúe o ideal do desprazamento, con todo o que iso implica.

Pero non foi soamente isto o que provocou o "efecto contenedor". Tamén desencadeou outro proceso desregulador que involucrou a todos os modos de transporte, especialmente ao marítimo. A industria do contedor, de gran importancia económica, que se estima en US \$ 250 billóns anuais, impulsou o desenvolvemento de buques portacontedores con capacidades que a 2006 situábanse en 9200 TEU (actualmente superada), facendo que termos como *Panamax*, *Post-panamax*, *Suezmax* e pronto, *Malacca-max* identificasen a capacidade de cruzamento dos buques polos canles e estreitos máis importantes do mundo.

Por outra banda, cambiaron os formatos de contratación, pasando das tradicionais "conferencias" a outros esquemas de asociacións marítimas. En materia de rutas, o establecemento de circuítos RTW (*Round-The-World*) e, máis recentemente, *Pendulum* con centros de transferencia intermedios (hubs e transshipment ports) modificaron o antigo esquema lineal e directo dun porto de orixe ao de destino, alentando a participación de todos os países, incluso os máis pequenos.

Tamén debe destacarse o impacto do contedor no interior dos territorios. O contedor, pola súa estandarización (principalmente de 20 e 40 pés), facilita, ao pasar de xeito sinxelo dun modo a outro de transporte, a conformación de sistemas e redes internacionais de distribución. Desa forma, os termos porta a porta, intermodal, multimodal e zonas de actividades loxísticas son cualificativos dun cambio revolucionario, non só na orde tecnolóxica, senón nas formas de contratación de servizos globais, orientados á optimización dos tempos de tránsito, a redución dos custos de movemento e a chegada aos lugares máis recónditos do planeta coa carga intacta dentro da "caixa de McLean".


Todo iso modificou o antigo paradigma dos portos como espazos de almacenamento e depósito de mercadorías, á espera dun transporte lento e claramente ineficiente cara ao seu destino final, polo de formidables centros de paso rápido e efectivo (terminais portuarias) cara a terminais interiores de carga, xerando infraestrutura, servizos e comunicacións ao seu paso.

Alguén dixo que o contedor facilitou o camiño á globalización e non parece estar afastado da verdade se se ten en conta a evolución do transporte deste tipo de mercadoría nas últimas décadas. A evolución do contedor non foi un camiño sinxelo e aínda resta moito por percorrer, pero todo indica que chegou para quedarse e augúraselle unha longa vida. Compételles aos comprometidos no entramado loxístico mundial, estatais e privados, desenvolver a lexislación e investimentos necesarios para que esta xenial creación poida dar todo o seu potencial.

2. O comercio mundial de mercadorías contedorizadas

O transporte marítimo de contedores é a forma máis cómoda de transportar mercadorías, xa que permite percorrer longas distancias, asegurando o produto ao máximo e permitindo levar grandes cantidades dunha forma segura en recipientes estandarizados para o seu manexo. Os contedores adoitan ser de gran tamaño, o que permite transportar unha gran cantidade de mercadorías en cada traxecto. Ademais, contan con medidas de seguridade que garanten o bo estado dos produtos en todo o traxecto.

Tal e como se pode ver na figura 2.1, economía e transporte marítimo están intimamente ligados. Así mesmo, e debido principalmente a fenómenos de deslocalización da produción, o crecemento do transporte mundial de mercadorías crece a maior ritmo que o PIB mundial.



Fuente: Secretaría de la UNCTAD, con datos de la OCDE, *Main Economic Indicators*, mayo de 2011; UNCTAD, *Informe sobre el comercio y el desarrollo 2011*; UNCTAD *El Transporte Marítimo*, varios números; OMC *Estadísticas del Comercio Internacional 2010*, cuadro A1a; y el comunicado de prensa de la OMC publicado en marzo de 2011 con el título *El comercio mundial en 2010 y las perspectivas para 2011*. Los datos de la OMC sobre el comercio de mercancías (en volumen) se obtienen a partir de los valores aduaneros deflacionados por valores unitarios normales y el índice del precio ajustado de los artículos electrónicos. El índice de 2011 para el tráfico marítimo está calculado sobre la base de la tasa de crecimiento prevista por Clarkson Research Services.

Figura 2.1: Progresión comercio marítimo mundial de mercadorías

Por outra banda, tal e como se aprecia na figura 2.2. Dende a década dos 90, houbo unha espectacular progresión do comercio mundial e do transporte de mercadoría contedorizada, acadándose neste sector, ata a primeira década do ano 2000, un 700% de crecemento en termos absolutos desde o ano 1990. A importancia deste crecemento faise máis patente se se compara o crecemento do transporte de mercadorías por contedor, co transporte doutro tipo de mercadorías por vía marítima tal e como se pode apreciar na figura 2.3.




Figura 2.2: Progresión do comercio marítimo mundial de mercadorías contedorizadas




Figura 2.3: Comparación da progresión do comercio marítimo mundial de distintas tipoloxías de mercadorías

O transporte de mercadorías por contedor realizase a través de buques chamados “liners” con rutas e calendarios preestablecidos. A estrutura de rutas (Figura 2.4) consta de dous tipos diferenciados:

- Grandes rutas, realizadas por buques de gran capacidade, chamadas rutas “Round-The-World”.
- Rutas “feeder”, ou “alimentadoras”, realizadas por buques de moita menor capacidade que exercen de distribuidores (e concentradores) de mercadorías contedorizadas desde portos HUB.




Figura 2.4: Esquema da estrutura de rotas Round-The-World (liña continua vermella) e Feeder (liña descontinua azul)

Este modelo de distribución de mercadoría contedorizada no mundo pode apreciarse na figura 2.5, nas que se aprecia claramente a importancia que ten Asia na produción de produtos que son logo consumidos na propia Asia e exportados ao redor do mundo.

A hexemonía de Asia no transporte marítimo mediante contedores reflíctese tamén no número de operadores portuarios existentes, xa que dos 20 principais operadores portuarios de contedores, o 45% deles son asiáticos (figura 2.6).




Figura 2.5: Principais rotas de transporte de contedores

Cuadro 6.14. Los 20 principales operadores portuarios en 2009

Nombre	Economía	Tipo de país	Movimiento (millones de TEU)	Porcentaje mundial	Capacidad de las terminales (millones de TEU)	Capacidad de las terminales como porcentaje mundial
1 HPH	RAE de Hong Kong (China)	PD	64,2	12,2	93,9	12,5
2 APMT	Países Bajos	IN	56,9	10,9	105,4	14,0
3 APS	Singapur	PD	55,3	10,5	84,4	11,2
4 DPW	Emiratos Árabes Unidos	PD	45,2	8,6	63,1	8,4
5 COSCO	China	PD	32,5	6,2	68,1	9,1
6 MSC	Suiza	IN	16,4	3,1	23,6	3,1
7 Eurogate	Alemania	IN	11,7	2,2	21,1	2,8
8 Evergreen	Provincia china de Taiwán	PD	8,6	1,6	16,6	2,2
9 SSA Marine	Estados Unidos	IN	7,7	1,5	18,0	2,4
10 CMA-CGM	Francia	IN	7,0	1,3	14,5	1,9
11 Hanjin	República de Corea	PD	6,0	1,1	15,8	2,1
12 NYK LINE	Japón	IN	5,2	1,0	19,0	2,5
13 HHLA	Alemania	IN	5,0	1,0	9,2	1,2
14 Dragados	España	IN	4,9	0,9	9,1	1,2
15 APL	Singapur	PD	4,6	0,9	7,7	1,0
16 K Line	Japón	IN	4,3	0,8	8,7	1,2
17 OOCL	RAE de Hong Kong (China)	PD	4,2	0,8	5,5	0,7
18 Yang Ming	Provincia china de Taiwán	PD	4,1	0,8	7,9	1,1
19 ICTSI	Filipinas	PD	3,6	0,7	7,4	1,0
20 MOL	Japón	IN	2,7	0,5	5,7	0,8
Total			350,1	66,8	604,7	80,4
Mundo			524,4	100,0	751,9	100,0

Fuente: Recopilación de la secretaría de la UNCTAD con datos suministrados por Drewry Publishing en *Global Container Terminal Operators Annual Review 2010*.

Figura 2.6: Principais operadores portuarios de contedores

3. A tipoloxía da mercadería: o contedor

3.1 O contedor

Segundo a RAE, a definición de contedor é a seguinte: “Embalaxe metálico grande e recuperable, de tipos e dimensións normalizados internacionalmente e con dispositivos para facilitar o seu manexo.” É dicir, un contedor é un recipiente de carga para o transporte aéreo, marítimo ou terrestre (neste caso sempre se fará referencia ao transporte marítimo).

Os contedores empréganse para transportar multitude de mercaderías (do que se deriva a especialización dos distintos tipos de contedores en función da mercadería que transportada). As súas dimensións están normalizadas para facilitar a súa manipulación.

Soen estar fabricados principalmente de aceiro corten, pero tamén os hai de aluminio, e de madeira contrachapada reforzados con fibra de vidro. Na maior parte dos casos, o chan é de madeira, aínda que xa hai algúns de bambú. Interiormente levan un recubrimento especial contra a humidade, para evitar este tipo de fenómeno que podería deteriorar as mercaderías transportadas no seu interior durante a viaxe.

Outra característica definitoria dos contedores é a presenza, en cada unha das súas esquinas, de aloxamentos para os Twistlocks. Trátase dun sistema específico de ancoraxe, que lles permiten ser enganchados por guindastres

especiais, así como a súa trincaxe tanto en barcos como en camións. Este sistema móstrase nas figuras 5.8 a 5.10 do presente documento.

A principal vantaxe do contedor radica basicamente na estandarización das súas medidas (figura 3.1), de forma que pode ser transportada case calquera tipo de mercadoría nun recipiente estandarizado para a súa carga e descarga nos puntos de ruptura modal na cadea do transporte.










Container Specifications						
	20' General Purpose					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	5.900m	2.350m	2.393m	2.340m	2.280m	2230 Kg
	20' Open Top					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	5.894m	2.311m	2.354m	2.286m	2.184m	2200 Kg
	20' Flat Rack					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	5.620m	2.200m	2.233m			2530 Kg
	20' Reefer					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	5.456m	2.294m	2.273m	2.290m	2.264m	3010 Kg
	40' General Purpose					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	12.036m	2.350m	2.392m	2.340m	2.280m	3740 Kg
	40' High Cube					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	12.036m	2.350m	2.697m	2.338m	2.585m	3900 Kg
	40' Open Top					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	12.028m	2.350m	2.345m	2.341m	2.274m	3880 Kg
	40' Flat Rack					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	12.080m	2.438m	2.103m			5480 Kg
	40' High Cube Reefer					
	Inside Length	Inside Width	Inside Height	Door Width	Door Height	Average Weight
	11.584m	2.294m	2.557m	2.284m	2.437m	4140 Kg

Figura 3.1: Tipoloxías de contedores (<http://www.agsworld.com>)

3.2 Identificación dos contedores

A identificación dos contedores realízase mediante un código alfanumérico de 11 díxitos. As primeiras 3 letras identifican a compañía propietaria e son asignadas polo BIC (Bureau International des Containers et du Transport Intermodal). A cuarta letra pode adoptar os seguintes valores:

- U: para os contedores.
- J: para o equipo auxiliar adosable.
- Z: para chasis ou tráilers de transporte vial.

A continuación séguenlle 6 díxitos numéricos e un último díxito verificador para asegurar a correcta escritura dos 10 díxitos anteriores. Este díxito verificador é de suma importancia xa que garante a correcta escritura do código en transmisións e no ingreso nos sistemas asistidos por ordenadores.

O díxito verificador determínase mediante un algoritmo que se explica a continuación, empregando como exemplo o contedor da Figura 3.2., que ten por número identificador HOYU7510136, sendo polo tanto o número verificador o 6.



Figura 3.2: Contedor tipo tanque

Para determinar este número realízanse as seguintes operacións matemáticas. Efectúase a suma dos primeiros 10 díxitos (as letras asimílanse a números de acordo coa táboa 3.1) multiplicados por unha potencia crecente de base 2 (o expoñente vai de 0 a 9).

Táboa 3.1: Táboa de asignación de valores numéricos ao alfabeto

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z
1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2	3	3	3	3	3	3	3	3
0	2	3	4	5	6	7	8	9	0	1	3	4	5	6	7	8	9	0	1	2	4	5	6	7	8

Nota: o valor 11 e os seus múltiplos 22 e 33 ignóranse.

A cada un dos díxitos correspóndelle polo tanto a seguinte cifra:

$$H=18 \rightarrow 18 \times 2^0 = 18 \times 1 = 18$$

$$O=26 \rightarrow 26 \times 2^1 = 26 \times 2 = 52$$

$$Y=37 \rightarrow 37 \times 2^2 = 37 \times 4 = 148$$

$$U=32 \rightarrow 32 \times 2^3 = 32 \times 8 = 256$$

$$7=7 \rightarrow 7 \times 2^4 = 7 \times 16 = 112$$

$$5=5 \rightarrow 5 \times 2^5 = 5 \times 32 = 160$$

$$1=1 \rightarrow 1 \times 2^6 = 1 \times 64 = 64$$

$$0=0 \rightarrow 0 \times 2^7 = 0 \times 128 = 0$$

$$1=1 \rightarrow 1 \times 2^8 = 1 \times 256 = 256$$

$$3=3 \rightarrow 3 \times 2^9 = 3 \times 512 = 1536$$

O sumatorio que é igual a 2602 divídese por 11, ignorando a parte decimal ($2602/11 = 236,5454$) e multiplícase por 11 (no exemplo $236 \times 11 = 2596$). A diferenza entre a suma orixinal e o novo factor é o dígito verificador ($2602 - 2596 = 6$). Todos os sistemas dixitais efectúan este cálculo no momento do ingreso dun contedor, a non validación do dígito notifícalle ao operario que algún dígito do código é incorrecto.

4. O buque portacontedores

A historia dos primeiros buques portacontedores caracterizábase pola incesante procura de economías de escala. Os inicios remóntanse ao ano 1956, cando o empresario Malcolm McLean adquire unha compañía de barcos de vapor para transportar remolques de camión cargados entre Estados Unidos e Porto Rico. Desta iniciativa de McLean xurdiu a compañía internacional *Sealand* posteriormente *Maerks-Saland* (propiedade do xigante danés A.P. Moller) e actualmente Maersk cunha flota de máis de 500 buques e 1.400.000 contedores. Non tardaron moito en aparecer os primeiros buques deseñados especificamente para este propósito con celas nas súas bodegas nas que os contedores manipulábanse xa con guindastre. A súa capacidade era duns 200 TEUs. O desenvolvemento destes barcos foi relativamente lento ata 1968, ano en que se contabilizaron un total de 18. Dez destes 18 tiñan unha capacidade de entre 1.000 e 1.500 TEUs. Só un ano despois funcionaban 25 buques e a súa carga alcanzaba xa os 2.000 TEUs.

En 1972 os primeiros buques portacontedores con capacidade de máis de 3.000 TEUs empezaron a funcionar da man da *German Howaldtwerke Shipyard*. Durante os seguintes doce anos a maior capacidade rexistrada por estes barcos situouse entre os 4.500 e 5.000 TEUs, principalmente polas limitacións nas dimensións impostas pola Canle de Panamá (Figuras 4.1 e 4.2).




Figura 4.1: Esquema xeral da Canle de Panamá

As dimensións do casco do maior buque portacontedores, os denominados *Panamax*, non podía exceder as dimensións das esclusas da canle: 32.3 metros de anchura, 294.1 metros de lonxitude e os 12 metros de calado. Estas dimensións máximas correspóndense cunha carga de entre 4.500 e 5.000 TEUs.



Figura 4.2: Canle de Panamá – Esclusas de Gatún (Atlántico)

En 1996 *Maersk* desmarcouse do resto das compañías marítimas cando o Regina Maersk, un buque portacontedores de 318 metros de eslora, 42 de manga e 14,5 metros de calado, excedeu os límites da Canle transportando 6.400 TEUs. Isto provocou toda unha revolución no mercado e pasouse dunha capacidade máxima de 6.600 TEUs en 1997 a acadar os 7.200 TEUs só un ano despois, e os 8.700 TEUs en 1999. Os barcos de capacidade aproximada de 9.000 TEUs excederan xa os límites da Canle de Panamá nuns 10 metros. Esta revolución iniciada por *Maersk* apréciase hoxe en que o 30% da flota de contedores mundial é de tipo *Post-panamax*, todo isto malia que evidentemente este tipo de buques requiren dunha maior infraestrutura en porto.

As organizacións portuarias contribuíron ao crecemento dos buques modernizando as infraestruturas para adecuarse ás súas novas dimensións, buscando maximizar os beneficios derivados das economías de escala. Un claro exemplo do anteriormente exposto é a ampliación da Canle de Panamá (Figura 4.3), actualmente na súa fase final de execución, e que permitirá o paso de buques portacontedores de ata 12.000 TEUs.

Malia o que se poida pensar, a proliferación deste tipo de buques e o feito de que cada vez se constrúan barcos de maior magnitude, non diminuíron a flota de barcos máis pequenos, cunha capacidade inferior aos 2.000 TEU. Estes barcos, que se poderían denominar “costeiros”, constituíron ao redor do 50% da flota da última década. Na Figura 4.4, pódese apreciar a evolución dos buques portacontedores, en dimensións e capacidade, desde o ano 1956 ata a actualidade.



Figura 4.3: Esquema do proxecto de ampliación da Canle de Panamá




Figura 4.4: Tendencia de crecemento de buques portacontedores

Cada buque utilízase nunha ruta ou noutra en función do seu tamaño. Os de maior capacidade, denominados “liners” (Figura 4.5), empréganse para o transporte marítimo en grandes rutas (rutas Round-The-World) entre portos con infraestrutura adecuada ás súas dimensións; mentres que os buques de menor tamaño, denominados “feeders” (Figura 4.6), utilízanse en rutas secundarias de alimentación que se encargan de dispersar o tráfico de contedores desde os grandes portos HUB cara a portos máis pequenos.



Figura 4.5: Buque tipo “Liner” (Triple E: 18.000 TEUs)



Figura 4.6: Buque tipo “Feeder” (OPDR Cartagena: 380 TEUs)

Se a Canle de Panamá deu nome inicialmente aos buques portacontedores de ata 6.000 TEUs, as novas esclusas da Canle de Panamá, a Canle de Suez e o estreito de Malaca serán as próximas barreiras que limitarán o tamaño dos buques portacontedores. Así pois, é claro que o límite no tamaño do buque non está determinado pola tecnoloxía na fabricación deste, senón polas propias infraestruturas portuarias e pola propia xeografía.



Figura 4.7: Canle de Suez e estreito de Malaca

5. Os equipos de manipulación

A revolución no transporte que significou a aparición dos contedores non sería posible sen a evolución dos equipos de manipulación específicos. Existen diversos tipos, pero basicamente distínguense dous grandes grupos: os guindastres de peirao e os guindastres de terminal. Adicionalmente, existen equipos de manipulación auxiliares que asisten aos citados anteriormente.

5.1 Equipamento auxiliar de manipulación

5.1.1 Sistemas de ancoraxe do contedor: o spreader

Preséntanse en primeiro lugar os sistemas de ancoraxe do contedor á máquina a través da cal se realiza a estiba/desestiba ou o propio movemento do contedor dentro da terminal, distinguíndose fundamentalmente dous sistemas: estrobos e spreaders.

5.1.1.1 Estrobos

Os estrobos son cabos de diversos materiais que se empregan para elevar e mover os contedores. Sitúanse entre o sistema de elevación da maquinaria e as esquinas do contedor (Figura 5.1).



Figura 5.1: Descarga de contedor mediante estrobos

Coma vantaxes deste sistema unicamente cabe citar a súa simplicidade e o seu reducido custo, pero conta cunha gran cantidade de inconvenientes, por exemplo:

- Menor seguridade, debido a que este sistema é moi susceptible á influencia do vento. En operacións de estiba cun vento moderado, producíranse no contedor movementos non desexados que incidirán directamente na seguridade e na produtividade, xa que se precisará unha maior cantidade de tempo situar o contedor no lugar desexado.
- Tamén, en relación coa seguridade, é importante mencionar o perigo que entraña a rotura dalgún estrobo, o que pode producir movementos violentos e perigosos do contedor.
- Por último, a necesidade dun maior número de operarios para manipular os contedores. Ademais do operario do guindastre, serán necesarios dous ou tres operarios máis para poder controlar os movementos do contedor durante o seu desprazamento.

5.1.1.2 Spreaders

A manipulación mediante spreaders (Figura 5.2) é un método máis moderno, sendo actualmente o método xeneralizado na maioría de terminais de contedores do mundo. Pódese definir o spreader como unha estrutura metálica equipada nos extremos cuns pasadores (twist-locks) que se introducen nos ocos das cantoneiras (esquinas) do contedor, de forma que unen solidariamente ambas estruturas.



Figura 5.2: Descarga de contedor mediante spreader

Entre as vantaxes deste método pódense citar:

- Maior seguridade ao estar ancorados solidariamente contedor e spreader, e evitar en gran medida os movementos debidos á acción do vento.
- Maior rapidez de manipulación ao ser practicamente nulos os tempos de enganche do contedor.
- Precísase unicamente un operario que manexe o guindastre e/ou medios de transporte interiores da terminal (en ocasións, terminais automatizadas, nin sequera se precisan os operarios de guindastre)

Existen varios tipos de spreader. Estes clasifícanse de diferentes formas en función de diversos criterios, entre os que se encontran os seguintes:

En función do rango de contedores que poden manipular:

- Spreaders ríxidos: unicamente poden manipular contedores dunhas medidas determinadas (Figura 5.3).



Figura 5.3: Spreader ríxido

- Spreader telescópicos: dispoñen de sistemas mecánicos ou hidráulicos que permiten axustar a lonxitude do spreader ao tamaño do contedor (Figura 5.4); desta forma, o rango de contedores que se poden manipular é moito máis amplo.




Figura 5.4: Spreader telescópico

En función da zona do contedor pola que é izado:

- Spreader superiores: enganchan o contedor pola parte superior deste (Figura 5.5).



Figura 5.5: Spreader superior

- Spreaders frontais: os contedores son enganchados frontalmente (Figura 5.6).



Figura 5.6: Spreader frontal

- Spreaders laterais: o spreader lateral (Figura 5.7) engancha o contedor por un dos seus laterais. Para a manipulación deste tipo de spreaders requírense carretillas de moito peso para contrarrestar o momento xerado ao elevar o contedor.




Figura 5.7: Spreader lateral

5.1.2 O pasador de ancoraxe xiratorio (twist-lock)

Todos os contedores están provistos de cantoneiras (Figura 5.8) de ferro forxado en cada unha das súas oito esquinas (catro superiores e catro inferiores).



Figura 5.8: Detalle de cantoneira (esquina) de contedor

Cada cantoneira ten unhas aberturas nos laterais e na cara superior (cantoneira superior) ou inferior (cantoneira inferior). Os spreaders contan cunhas pezas xiratorias de suxeición (Twist Lock ou pasador xiratorio de ancoraxe) que se introducen na abertura da cantoneira e serven para fixar o contedor a este (Figura 5.9 e 5.10). Cando o Twist Lock vira 90° estando aloxado dentro da cantoneira, fíxase ao contedor e queda bloqueado. É neste momento cando o contedor estará listo para o transporte unido solidariamente ao spreader. As aberturas das caras laterais utilízanse para a suxeición en estiba e a trincaxe do contedor durante o transporte marítimo.




Figura 5.9: Esquema de Twislock e cantoneira onde se aloxa



Figura 5.10: Detalle de Twistlock (pasador xiratorio de ancoraxe)

Ademais, moitos contedores de estrutura de caixa, tanto de 20 como de 40 pés, están provistos dunhas canles por onde se poden introducir unhas forquitas (Figura 5.11 e 5.12), de forma que poidan ser manipulados tamén por medio de carretillas elevadoras (Fork Lift).



Figura 5.11: Detalle de izado de contedor mediante Fork Lift



Figura 5.12: Carretilla elevadora (Fork Lift)

5.2 Guindastres de peirao

O movemento incesante de mercadorías que se produce desde o barco cara ao patio da terminal, e en sentido inverso, debe realizarse de forma fluída mediante os guindastres de peirao, evitando deficiencias de capacidade. Un punto crítico é precisamente o peirao, onde os guindastres deben resolver o problema de carga e descarga do buque para que sexa constante e efectivo.

O papel dos guindastres de peirao, no obxectivo de mellorar a produtividade das operacións de carga e descarga do buque, é fundamental. Neste sentido, os guindastres deben adaptarse a medida que aumenta o tamaño dos buques, sendo capaces de elevar os contedores a maiores alturas, levándoos a máis distancia en menor tempo, e todo iso cada vez cunha maior precisión.

A continuación, preséntanse os diferentes tipos de guindastres de peirao existentes na actualidade.

5.2.1 Guindastres xiratorios

Este tipo de guindastre representa o tipo convencional de guindastre que se adoita ver nos portos, podéndose distinguir en dous grandes grupos:

5.2.1.1 Guindastres xiratorios sobre carrís

Adoitan ser máis antigos e de funcionamento eléctrico. Este tipo de guindastre (Figura 5.13) presenta a vantaxe de que pode trasladarse mentres está cargado (o traxecto que a vía lle permita). O feito de que estea montado sobre carrís tamén ten os seus inconvenientes, xa que é un guindastre máis ríxido, que non se pode trasladar a outros peiraos ou adaptar en función do tipo de buque.



Figura 5.13: Imaxes de guindastres sobre carrís (Porto da Coruña)

5.2.1.2 Guindastres xiratorios sobre pneumáticos

De corte máis moderno e de funcionamento por motor de combustión. Os guindastres montados sobre pneumáticos (Figura 5.14) presentan o inconveniente de que non poden trasladarse mentres están cargadas, pero pola contra, presentan un comportamento máis flexible e dinámico xa que poden trasladarse a outro tipo de peiraos se fose necesario, e adaptar a súa posición no peirao en función das dimensións do buque ao que estea dando servizo.



Figura 5.14: Exemplos de guindastre sobre pneumáticos

En ámbolos dous casos, o funcionamento dun guindastre xiratorio consiste en elevar a carga e abanicala 180° a cada banda, levándoa dende a bodega do barco ao peirao, e viceversa. Este tipo de guindastre é válido para a maioría de mercadorías, pero está deseñada principalmente para o movemento de mercadoría xeral. Debido a iso, non teñen rendementos especialmente importantes no caso de descarga de contedores. Aínda así, son perfectamente válidas para a descarga de contedores, aínda que deben estar equipados cun spreader.

Existen guindastres moito máis especializados para a descarga de contedores que proporcionan rendementos moito máis elevados. Trátase dos guindastres pórtico de peirao que se describen a continuación.

5.2.2 Guindastres pórtico (Portainer)

Esta tipoloxía de guindastre xorde fundamentalmente pola necesidade de especialización para a obtención de mellores rendementos e maior seguridade na carga de buques portacontedores.

A historia deste tipo de guindastre estivo, sen ningunha dúbida, protagonizada por *PACECO Inc.* (California). A *Pacific Coast Engineering Company* construíu, no ano 1958, a primeira serie de guindastres Portainer de peirao (Figura 5.15) especializadas na carga de contedores (é precisamente de aquí de onde se deriva que hoxe chamemos aos guindastres portacontedores, guindastres Portainer).



Figura 5.15: Primeiro guindastre tipo portainer (*PACECO Inc*)

De modo a identificalas correctamente, na seguinte figura (Figura 5.16) indícanse as principais partes que compoñen un guindastre Portainer:

1. Pluma sobre o mar.
2. Pluma en terra.
3. Estrutura.
4. Cabina do operador: lugar desde onde se accionan todos os mecanismos do guindastre.
5. Trolley: estrutura metálica (carro) que se despraza a través da pluma do guindastre, e do que colga o spreader a través de cabos metálicos.
6. Motor do trolley: mecanismo que permite desprazarse ao trolley a través da pluma do guindastre.
7. Spreader: peza metálica que agarra os contedores, conectada co trolley a través de cabos metálicos.
8. Rodas: permiten o movemento a través dos carrís instalados no peirao.



Figura 5.16: Exemplo de grúa Portainer

5.2.2.1 Lonxitude da pluma

Este factor é fundamental para unha correcta elección do guindastre, xa que a lonxitude da pluma, xunto coa máxima carga de traballo, son os dous parámetros básicos que condicionan o cálculo estrutural da mesma.

Na elección dun guindastre, téndese a escoller unha lonxitude de pluma capaz de manipular unha fila máis de contedores que as correspondentes á manga do maior buque esperado no porto. Deste xeito mellorarase a produtividade en dous sentidos: a) dispónse dun “remanente” de capacidade para utilizar se fose necesario, ou nunha situación excepcional, sen incrementar demasiado o custo; b) elixindo unha pluma coas condicións anteriormente citadas permite que o “trolley” non traballe en deceleración na zona final da pluma ao non estar próximo do tope de lonxitude desta.

Aínda que é certo que desde os anos 90 a tendencia foi ir cara a guindastres de pluma de máis de 50 metros desde o carril máis próximo ao cantil (aptas para traballar con anchos de buque de 19 filas), aínda segue existindo unha gran demanda de guindastres con lonxitudes de pluma de 40 metros ou menos. A explicación de tal fenómeno é a adaptación de gran cantidade de portos ao tráfico de contedores, traballando con buques tamaño “feeder”.

Doutra banda, é importante mencionar que a demanda de guindastres con tamaño de pluma intermedio entre 40-50 metros está descendendo debido a que

moitos operadores estanse anticipando ás potenciais necesidades futuras e están investindo en guindastres con alcances maiores aos necesarios na actualidade.




Figura 5.17 Esquema de guindastre portainer que opera en barcos de diferente manga

5.3 Guindastres de patio

O patio da terminal conforma o subsistema de almacenamento desta e condiciona a capacidade da propia terminal. Está determinado en gran medida polo tipo de equipos e maquinaria a utilizar, xa que condicionan a altura de empilamento dos contedores e as posibilidades de automatización. A continuación preséntanse as principais tipoloxías.

5.3.1 Guindastres pórtico de terminal (Transtainer)

5.3.1.1 RTG – Rubber Tyred Gantry-crane

Este sistema utiliza pontes guindastre (Figura 5.18) que circulan sobre neumáticos. Usualmente dispoñen de motores de combustión, aínda que tamén poden funcionar electricamente. As alturas de empilamento acadadas mediante este tipo de maquinaria adoitan ser 4, chegando como máximo a 6 alturas, circulando sobre filas de 6 a 7 contedores ao ancho (e un carril máis para a carga e descarga sobre as plataformas de transporte interno da terminal, vehículos auxiliares e externos).



Figura 5.18: Sistema RTG de empilamento de contedores

A zona de empilamento organízase en bloques de fileiras lonxitudinais, paralelas ou perpendiculares ao peirao, para que o guindastre se poida mover ao longo dun gran número de contedores.

As plataformas ou vehículos auxiliares (Figura 5.19) representan o nexos de unión entre a zona de almacenamento e a zona de embarque/desembarque, ou no seu caso, coa saída da terminal para despachar o contedor ao seu destinatario. É de vital importancia apuntar, que no caso de pórticos sobre rodas, a pavimentación xoga un papel decisivo no funcionamento da terminal. As cargas transmitidas polas RTG son moi importantes, especialmente en zonas de xiro.



Figura 5.19: Sistema RTG, recollida de contedor de plataforma

As vantaxes que ofrece este sistema son as seguintes:

- A optimización do espazo con este tipo de sistemas é moi bo.
- O custo de mantemento dos equipos é baixo en comparación con outros sistemas.
- Este sistema é totalmente automatizable.
- Baixo nivel de danos sobre as mercadorías transportadas no contedor (sitúa, non transporta).

Como inconvenientes pódense citar:

- O custo dos equipos neste sistema é certamente alto, debido ao alto prezo de cada unidade. En comparación co Straddle Carrier, que será presentado posteriormente, o número de unidades necesarias é menor.
- Necesidade de pavimentación moi boa.
- Custo da man de obra acostuma a ser alto, pois necesitanse operarios nos guindastres e condutores na maquinaria auxiliar (cabezas tractoras).

Estes guindastres poden virar 90° para desprazarse dunha pila de contedores a outra. O número de guindastres pórtico necesarios dependerá fundamentalmente do tamaño da terminal e dos movementos que esta realice.

Un guindastre pórtico de terra pode manter os mesmos ratios de produción que unha mar-terra, con todo, se se están realizando á vez operacións de carga e descarga, serán necesarios dous guindastres de terra por cada guindastre mar-terra para atender ao buque. Se a densidade de contedores por unidade de superficie da terminal fose moi alta, poderíase considerar ata utilizar un terceiro guindastre de terra. En xeral, as terminais que utilizan este sistema de manipulación obteñen unha boa capacidade e un alto grao de satisfacción en todos os sentidos.

5.3.1.2 RMG – Rail Mounted Gantry-crane

Trátase dun guindastre pórtico similar á RTC que presenta como principal diferenza que vai montada sobre carrís (Figuras 5.20 e 5.21). Este tipo de sistemas utilízase onde a necesidade de optimizar o espazo é aínda maior, conseguíndose maiores alturas de empilamento e menor ocupación das patas do guindastre ao estar perfectamente definidos os carrís.

O custo de implantación deste tipo de sistema é moi elevado, pero adoita compensarse coa tremenda eficiencia que o caracteriza. Á súa vez, este sistema é adaptable a outros sistemas de manipulación.



Figura 5.20: Sistema RMG de manipulación de contedores




Figura 5.21: Esquema dunha terminal de contedores co sistema RMG

5.3.1.3 OHBC – Overhead Bridge Crane

Trátase dun guindastre pórtico similar á RMG que presenta como principal innovación e diferenza respecto de as anteriores que vai montada sobre unha viga carrileira en altura (Figuras 5.22 e 5.23). Este tipo de sistemas utilízase onde a necesidade de optimizar o espazo é aínda moito maior, conseguíndose densidades de empilamento maiores que con calquera outro sistema.

Ao ser un sistema practicamente “rígido” cos seus movementos perfectamente definidos, son proclives a automatizarse moito máis facilmente que os demais. En moitas ocasións a ponte guindastre dispón de saíntes laterais, de maneira que a zona de entrega /recolleita de contedores queda fóra dos eixes dos carrís. O custo de implantación deste tipo de sistema é bastante elevado, pero adoita compensarse coa tremenda eficiencia que o caracteriza. Debido a isto, son

máis rápidos e contan comparativamente coa maior rixidez dentro dos guindastres pórtico. Á súa vez, este sistema é adaptable a outros sistemas de manipulación.



Figura 5.22: Terminal equipada co sistema OBHC



Figura 5.23: Sistema OBHC na terminal do Porto de Singapur

5.3.1.4 Straddle Carrier

